

Santiago de Compostela, a 27 de febreiro do 2007

Durante o mes de febreiro fixéronse unha serie de concentracións, tódolos xoves, ante as xerencias do SERGAS e ante os centros mais sinalados. Concentracións que tiveron como colofón unha grande concentración diante da Consellería de Sanidade, no edificio de San Lázaro, como protesta dos traballadores afectados pola negociación da carreira profesional das categorías non sanitarias e sanitarias de formación profesional.

Temos que destacar o enorme seguimento e apoio dos profesionais, que amosouse de xeito moi claro o xoves 22, ante o SERGAS, onde mais de 1.000 compañeiros xuntáronse para esixir ós seus xestores una carreira profesional digna, sen agravios nin discriminacións.

Ese mesmo día, reuníronse os portavoces das centrais sindicais convocantes cos representantes da Administración, co fin de reflexionar sobre o conflito e a espera dunha proposta concreta e sólida que permitise avanzar na negociación.

Pero para sorpresa dos representantes sindicais a División Xeral de Recursos Humanos non só non fixo proposta algunha, senón que polo contrario manifestou a súa vontade de pospoñer a mesa de negociación para “despois das vindeiras eleccións sindicais”, seguros (así se mostraron) de que a unidade sindical era mais un xesto que unha garantía.

Así as cousas, e dende o convencemento de que a unión de vontades sindicais é o camiño a seguir e o desexo que reflicten o eco clamoroso dos traballadores, as centrais asinantes, reunidas ca intención de reflexionar sobre o estado actual da situación, deciden non so manter, senón comprometerse á unidade de acción.

De este xeito, e como primeira resposta ó relaxamento da Dirección de RRHH. ante o conflito creado, elaborase unha proposta unitaria que será defendida dende a Plataforma Sindical formada para estes efectos. Esta proposta é de mínimos básicos nos que todas as organizacións coincidimos, sen pechar nin limitar loxicamente outras materias que afectan á Carreira Profesional e que deberán ser igualmente tratadas na negociación.

Nese sentido, a proposta retributiva e de anos, que xa lle foi enviada o Director Xeral de Recursos Humanos do SERGAS e a que segue:

PROPOSTA SINDICAL CONXUNTA

Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D	Grupo E
3000€	1950€	1600€	1400€	1200€
GRAOS	Grao I	Grao II	Grao III	Grao IV
ANOS	5 anos	12 anos	19 anos	25 anos

Establécese ó tempo, o seguinte calendario de mobilizacións, como medidas de presión para reforzar as primeiramente adoptadas e para amosar non só o apoio dos traballadores, senón tamén o clima de crispación á que nos está condenando a xordeira da Administración.

CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS

Ata o 2/03/2007	Asembleas nos centros
8/03/2007	Concentracións nos centros ás 11 da mañá (do mesmo xeito que as anteriores).
15/03/2007	Folga de 2 horas en tódolos postos de traballo (dende as 8`00 ata as 10`00 horas).
22/03/2007	Folga de 2 horas en tódolos postos de traballo. O mesmo tramo.
23/03/2007	Folga de 2 horas en tódolos postos de traballo. O mesmo tramo.
29/03/2007	Folga xeral de 24 horas (dende as 8`00 ata as 8`00 do día seguinte)
29/03/2007	Manifestación en Santiago

Sabedores de que a consigna castrense do “divide e vencerás” e unha das armas máis utilizadas polas administracións, e nun punto álxido como no que nos atopamos, as centrais sindicais non escatimaran en esforzos para garantir as accións que poidan favorecer-la cohesión e actuar como factor impulsor do cambio de rumbo actual, sendo moitos mais os puntos comúns que as diferencias neste crítico proceso.

O presente manifesto, non trata de ser outra cousa, que unha declaración da proposta sindical e a asunción de que neste conflito non hai mais saídas que a disposición do SERGAS a facer unha negociación sería, concreta e próxima as expectativas lexítimas dos traballadores e traballadoras dese organismo autónomo carentes nestes intres de carreira profesional.

E para que conste a tódolos efectos, asinan o documento:

